# ACTA SESIÓN PLENO ORDINARIO 30 DE SETEMBRO DE 2019

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Riveira, sendo as **vinte horas do luns 30 de setembro de 2019** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Manuel Ruiz Rivas o 25-09-2019,*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación.

| |
|---|
| **Partido Popular (PP)** |
| 1.-Manuel Santos Ruiz Rivas, **alcalde-presidente** |
| 2.-María José Sampedro Fernández |
| 3.-Ana Isabel Ruiz Reiriz |
| 4.-Ramón José Doval Sampedro. |
| 5.-Manuel Emilio Pérez Outeiral |
| 6.-Ana Isabel Barreiro Rego. |
| 7.-Victor Reiriz Lampón |
| 8.-Juana María Brión Santamaría |
| 9.-Elvira Pereira Ageitos. |
| |
| **Partido Barbanza Independiente (PBBI)** |
| 1.-Vicente Mariño de Bricio |
| ***2.-María Herminia Pouso Maneiro, excusa a súa ausencia*** |
| 3.-María Dolores Elorduy Callón |
| 4.-Miguel Ángel Vázquez Salgueiro |
| 5.-Emilio Andrés González Regueira. |
| 6.-Gerardo Pardavila Fernández. |
| 7.-Asier Casais Álvarez |
| |
| **Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)** |
| 1.-José Manuel Vilas Álvarez |
| 2.-Rita Rial Fernández |
| |
| **Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)** |
| 1.-Xosé Antonio Vázquez Cobas |
| 2.-Luis Antonio Pérez Barral |
| |
| **Suma Ribeira (SR)** |
| 1.-Xurxo Ferrón Vidán, |
| |

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello**, D. Juan Manuel Salguero del Valle,** que dá fe do acto, e polo **Sr.Interventor** do mesmo**. D. Pablo Bao Castro**.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300064D3800H4J3W8J3B7P0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/10/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 10:18:30

DOCUMENTO: 20190412984
Fecha: 16/10/2019
Hora: 10:17

Ábrese a sesión polo Presidente e tratáronse os seguintes asuntos engadidos na orde do día:

## PARTE I.-ADOPCIÓN DE ACORDOS:

### 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO DÍA 23 DE AGOSTO DE 2019.

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno Extraordinario celebrado o **23 de agosto de 2019**

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF**), e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Riveir**a, o Sr. Alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión extraordinaria do día **23 de agosto de 2019.**

Non hai votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente** (**grupo m. P.P**.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes, sen que se produzcan observacións nin manifestacións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

Resulta aprobada por **asentimento** dos membros presentes esta acta do pleno:

*-Acta do **Pleno da sesión extraordinaria** celebrada o **23 de agosto de 2019.***

### 2.-APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCIZO 2018.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha proposición da Alcaldía de data 20 de setembro de 2019 do seguinte tenor literal:

*"**VISTA** a **Conta Xeral do exercicio 2018,** xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300064D3800H4J3W8J3B7P0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/10/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 10:18:30

DOCUMENTO: 20190412984
Fecha: 16/10/2019
Hora: 10:17

***VISTO** que o Titular da Intervención Municipal de fondos procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2018, xuntamente con toda a súa documentación anexa ao mesmo.*

***VISTO** que se finalizaron devanditos traballos e obtida a documentación correspondente, a Intervención municipal procedeu a emitir en data 25 de marzo de 2019 os correspondentes informes en relación á aprobación da Conta Xeral.*

***VISTO** que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas do Concello en sesión celebrada en data 13 de agosto de 2019 emitiu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta corporación relativo ao exercicio 2018.*

***VISTO** que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 156 de data 20 de agosto de 2019 a Conta Xeral –xuntamente co informe de devandita comisión- foron obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.*

***VISTO** que de conformidade co contido da certificación librada polo Secretario Xeral da Corporación, durante o prazo de exposición ao público de devandita Conta, e oito máis, non presentáronse ninguna alegación ou suxestión.*

***VISTO** o informe da Comisión Especial de Contas, e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno, por medio da presente proponse ao Pleno da Corporación adopción do seguinte:*

***ACORDO:***

***PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente completo da **Conta Xeral do Exercicio 2018.**.*

***SEGUNDO.-** Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Concello de Contas da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Función Pública.*

***TERCEIRO**:-Facultar ao Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posibel para garantir a plena efectividade do presente acordo.*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300064D3800H4J3W8J3B7P0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/10/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 10:18:30

DOCUMENTO: 20190412984
Fecha: 16/10/2019
Hora: 10:17

*Riveira, 20 de setembro de 2019.*

*O alcalde-presidente*

*Asdo. Manuel  Ruiz Rivas"*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómete a votación ordinaria a ***proposta da Acaldìa transcrita*** de data 20 de setembro de 2019, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 9 PP**

**-VOTOS EN CONTRA: 8 (6 PBBI, 2 BNG)**

**-ABSTENCIÓNS: 3 (2 PS DE G-PSOE, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***maioría simple*** dos seus membros aprobala proposta da Alcaldia transcrita de data 20 de setembro de 2019 relativa a **APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCIZO 2018** quedando convertida en acordo en todos os seus termos, e, en consecuencia aproba:

*"**PRIMEIRO**.- Aprobar o expediente completo da **Conta Xeral do Exercicio 2018**..*

***SEGUNDO.-*** *Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Concello de Contas da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Función Pública.*

***TERCEIRO****:-Facultar ao Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posibel para garantir a plena efectividade do presente acordo."*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300064D3800H4J3W8J3B7P0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/10/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 10:18:30

DOCUMENTO: 20190412984
Fecha: 16/10/2019
Hora: 10:17

## 3.-INICIO EXPEDIENTE CESIÓN EN PROPIEDADE TERRENOS AMBAR. ADOPCION DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de **FACENDA, ECONOMÍA, PATRIMONIO E ESPECIAL DE CONTAS** de data 24 de setembro de 2019, en base a unha proposta da Alcaldía de data 19 de setembro de 2019, do seguinte tenor literal:

***"CESIÓN GRATUITA DE PARCELA MUNICIPAL Á ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL.***

***VISTO*** *que o Pleno do Concello de Riveira, en sesión celebrada na data 24/09/2001, acordou ceder gratuitamente o uso da parcela de 6.073 metros cadrados, a segregar da finca denominada "Bouza Vella", "Vista Alegre" ou "Monte de San Roque", sita no lugar de San Roque, parroquia de Carreira, á Asociación de Minusválidos do Barbanza "AMBAR", representada por dona Milagros Rey Pérez, para a construción dun Centro Ocupacional e de Formación de Minusválidos, por un prazo de 30 anos.*

***VISTO*** *que na data 11/10/2001 procedeuse á sinatura do correspondente contrato administrativo de cesión de uso da referida parcela entre o Concello e a Asociación AMBAR.*

***VISTO*** *que por acordo plenario adoptado en sesión celebrada na data 13/04/2015, e a petición da Asociación AMBAR, acordouse ampliar a duración da cesión de uso da parcela antes referida por un período de 10 anos.*

***VISTO*** *que por acordo plenario adoptado en sesión celebrada na data 23/02/2017, e, novamente a petición da Asociación AMBAR, acordouse unha segunda ampliación da duración da cesión de uso da parcela antes referida por un período de 10 anos.*

***VISTO*** *que mediante escrito, rexistrado de entrada na data 17/09/2019 co número 201900013064, Dª Milagros Rey Pérez, con DNI número 33.243.142-T, en calidade de Presidenta da Asociación AMBAR das Persoas con Diversidade Funcional (CIF: G15052434),* ***expón****: "Que a Asociación Ambar ten outorgada con data do 11 de outubro de 2001, a cesión de uso dunha parcela da finca "Bouza Vella", "Vista Alegre" ou "Monte de San Roque", dunha superficie de 6.073 m2, sita no lugar de San Roque, parroquia de Carreira no municipio de Riveira, co fin exclusivo de construír un Centro Ocupacional e de Formación para persoas con discapacidade. Que a execución do proxecto conforme a licenza nº 407/02, se foi executando por fases, rematando a última fase da edificación no ano 2018. Que unha vez rematada a obra, a entidade debe efectuar a escrituración da mesma ante o Rexistro da Propiedade. Atendendo ás dificultades que conleva que a finca sexa titularidade do Concello e a obra de Ambar, esta entidade solicita ó concello que efectúe a doazón da parcela na que Ambar ten en funcionamento o Centro de Recursos. Que, como ben saben, Ambar é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de Utilidade Pública (ORDE do 3 de outubro de 2014), que presta servizos a Persoas con Diversidade Funcional e as súas familias nos concellos de Boiro, Pobra, Riveira, Rianxo e Porto do Son, contando cun grupo social de 1.106 persoas, das cales case o 25% pertencen ó Concello de Riveira. Ademais, no Centro de Recursos, sito na parcela indicada, diariamente préstanse servizos a 20 persoas con diversidade funcional intelectual residentes no Concello de Riveira (Anéxase Memoria). Que a Ambar lle urxe premura nos trámites xa que a última subvención recibida para o remate da obra, concedida pola Deputación da Coruña, por importe de 190.000 euros está pendente de cobro, condicionada a presentación de dito documento.",* ***polo que SOLICITA*** *"A doazón á Asociación Ambar da parcela da finca "Bouza Vella", "Vista Alegre" ou "Monte de San Roque", dunha superficie de 6.073 m2, sita no lugar de San Roque."*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300064D3800H4J3W8J3B7P0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/10/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 10:18:30

DOCUMENTO: 20190412984
Fecha: 16/10/2019
Hora: 10:17

***CONSIDERANDO*** *que o artigo 109.2 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, dispón que os bens inmobles patrimoniais non poderán cederse gratuitamente senón a Entidades ou Institucións públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal, así como ás Institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro.*

***CONSIDERANDO*** *que o artigo 110.1 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, indica que en todo caso, a cesión gratuíta dos bens requirirá acordo adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, previa instrución do expediente con arranxo aos seguintes requisitos:*

- *a) Xustificación documental pola propia Entidade ou Institución solicitante do seu carácter público, e Memoria demostrativa de que os fins que persegue redundarán de maneira evidente e positiva en beneficio dos habitantes do termo municipal.*
- *b) Certificación do Rexistro da Propiedade acreditativa de que os bens se atopan debidamente inscritos en concepto de patrimoniais da Entidade Local.*
- *c) Certificación do Secretario da Corporación na que conste que os bens figuran no inventario aprobado pola Corporación coa antedita cualificación xurídica.*
- *d) Informe do Interventor de fondos no que probe non haber débeda pendente de liquidación con cargo ó presuposto municipal.*
- *e) Ditame subscrito por técnico que asevere que os bens non se atopan comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación, non son necesarios para a Entidade Local nin é previsible que o sexan nos dez anos inmediatos.*
- *f) Información pública por prazo non inferior a quince días.*

***CONSIDERANDO*** *que o artigo 111 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, establece que si os bens cedidos non fosen destinados ao uso dentro do prazo sinalado no acordo de cesión ou deixasen de selo posteriormente considerarase resolta a cesión e revertirán aqueles á Corporación local, a cal terá dereito a percibir da Entidade beneficiaria, previa taxación pericial, o valor dos detrimentos experimentados polos bens cedidos. Así mesmo, si no acordo de cesión non se estipula outra cousa, entenderase que os fins para os cales se outorgaran deberán cumprise no prazo máximo de cinco anos, debendo manterse o seu destino durante os trinta anos seguintes, e que os bens cedidos revertirán, no seu caso, ao Patrimonio da Entidade cedente con todas a súas pertenzas e accesións.*

*Por medio da presente proponse ao Pleno da Corporación que, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopte acordo favorable sobre o seguinte ditame:*

***PRIMEIRO.- Incoar o procedemento*** *para a cesión gratuíta a favor da Asociación AMBAR das Persoas con Diversidade Funcional (CIF: G15052434) da parcela dunha superficie de 6.073 metros cadrados, a segregar da finca denominada "Bouza Vella", "Vista Alegre" ou "Monte de San Roque", propiedade do Concello de Riveira, emprazada no lugar de San Roque, parroquia de Carreira, deste termo municipal, con fin exclusivo de destinala á construción e funcionamento do Centro Ocupacional e de Formación para persoas con discapacidade.*

***SEGUNDO.- Instruír o procedemento*** *de conformidade cos requisitos referidos no artigo 110 do Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, incluído o trámite de información pública por un prazo non inferior a quince días."*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300064D3800H4J3W8J3B7P0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/10/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 10:18:30

DOCUMENTO: 20190412984
Fecha: 16/10/2019
Hora: 10:17

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómete a votación ordinaria a ***proposición do grupo municipal de goberno*** ***ditaminada pola COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, ECONOMÍA, PATRIMONIO E ESPECIAL DE CONTAS*** de data 24 de setembro de 2019, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 20** **(9PP, 6 PBBI, 2PS DE G-PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)**

**-VOTOS EN CONTRA:0**

**-ABSTENCIÓNS:0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda ***por unanimidade*** dos vinte membros presentes dos vinteún que de dereito o integran aprobalo ditame transcrito, da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, ECONOMÍA, PATRIMONIO E ESPECIAL DE CONTAS de data 24 de setembro de 2019 relativo a **INICIO EXPEDIENTE CESIÓN EN PROPIEDADE TERRENOS AMBAR. ADOPCION DOS ACORDOS QUE PROCEDAN,** quedando convertido en acordo en todos os seus termos, e, en consecuencia aproba:

*"PRIMEIRO.-* ***Incoar o procedemento*** *para a cesión gratuíta a favor da Asociación AMBAR das Persoas con Diversidade Funcional (CIF: G15052434) da parcela dunha superficie de 6.073 metros cadrados, a segregar da finca denominada "Bouza Vella", "Vista Alegre" ou "Monte de San Roque", propiedade do Concello de Riveira, emprazada no lugar de San Roque, parroquia de Carreira, deste termo municipal, con fin exclusivo de destinala á construción e funcionamento do Centro Ocupacional e de Formación para persoas con discapacidade.*

*SEGUNDO.-* ***Instruír o procedemento*** *de conformidade cos requisitos referidos no artigo 110 do Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, incluído o trámite de información pública por un prazo non inferior a quince días".*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300064D3800H4J3W8J3B7P0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/10/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 10:18:30

DOCUMENTO: 20190412984
Fecha: 16/10/2019
Hora: 10:17

**4.-APROBACIÓN PROVISIONAL MODIFICACIÓN PUNTUAL DA ORDENANZA 8.3 DAS NORMAS URBANÍSTICAS DO PXOM DE RIVEIRA", ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de **COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUCTURAS, BENESTAR SOCIAL E MEDIO AMBIENTE,**de data 24 de setembro de 2019, en base a unha proposta da Alcaldía de data 19 de setembro de 2019, do seguinte tenor literal:

*"**FINALIDADE DA MODIFICACIÓN PUNTUAL:** A finalidade da presente modificación e a de dotar de maior flexibilidade a ordenanza para a posibel implantacións de novos equipamentos dotacionais así como a reforma, ampliación ou reutilización dos existentes fundamentado no interese público.*

***VISTA** a nota previa introductoria do Documento Técnico de agosto de 2019 redactado por IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE S.A.U. (arquitectos Sra. Matilde Álvarez Rodríguez e Sr. José Manuel Regueiro Grela), rexistrado de entrada no concello o día 5 de setembro de 2019, (Rexistro de entrada nº 12.405), na que se informa que **non se introducen modificacións substanciais con respecto ao Documento Técnico que serviu de base á aprobación inicial polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2019.***

***VISTOS** os informes sectoriais favorables obrantes no expediente,*

***VISTO** o informe técnico favorable emitido o día 6 de setembro de 2019,*

***VISTO** o informe xurídico emitido polo técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo con data 19 de setembro de 2019*

***VISTO** o informe xurídico emitido polo secretario xeral da Corporación con data 19 de setembro de 2019*

*De conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o funcionario que subscribe formula ante o Pleno da Corporación**, que deberá decidir co voto favorable da maioría absoluta (11) do seu número legal de membros (21) a seguinte***

***Por medio da presente proponse ao Pleno da Corporación** que, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopte acordo favorable sobre o seguinte ditame:*

***PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente** a Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal, da **ordenanza 8.3 DOTACIONAL DE EQUIPAMENTOS DOCENTE, SOCIO CULTURAL, ADMINISTRATIVO, SANITARIO E DEPORTIVO, (ARTIGO 161**), nos termos do Documento Técnico de agosto de 2019, redactado por IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE S.A.U. (arquitectos Sra. Matilde Álvarez Rodríguez, Sr. José Manuel regueiro Grela).*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300064D3800H4J3W8J3B7P0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/10/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 10:18:30

DOCUMENTO: 20190412984
Fecha: 16/10/2019
Hora: 10:17

***SEGUNDO**.- Unha vez dilixenciado, **remitir o expediente completo á consellería competente en materia de urbanismo**, para que sobre a súa aprobación definitiva no prazo dun (1) mes, contado desde a recepción do expediente completo no rexistro da consellaría.*

***TERCEIRO:-**Facultar ao Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.”*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómete a votación ordinaria a ***proposición do grupo municipal de goberno ditaminada pola COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUCTURAS, BENESTAR SOCIAL E MEDIO AMBIENTE*** de data 20 de agosto de 2019, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 20** **(9PP, 6 PBBI, 2PS DE G-PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)**

**-VOTOS EN CONTRA:0**

**-ABSTENCIÓNS:0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda ***por unanimidade*** dos vinte membros presentes dos vinteún que de dereito o integran aprobalo ditame transcrito, da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUCTURAS, BENESTAR SOCIAL E MEDIO AMBIENTE de data 24 de setembro de 2019 relativo a **APROBACIÓN PROVISIONAL MODIFICACIÓN PUNTUAL DA ORDENANZA 8.3 DAS NORMAS URBANÍSTICAS DO PXOM DE RIVEIRA”, ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN** quedando convertido en acordo en todos os seus termos, e, en consecuencia aproba:

***“PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente** a Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal, da **ordenanza 8.3 DOTACIONAL DE EQUIPAMENTOS DOCENTE, SOCIO CULTURAL, ADMINISTRATIVO, SANITARIO E DEPORTIVO, (ARTIGO 161**), nos termos do Documento Técnico de agosto de 2019, redactado por IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE S.A.U. (arquitectos Sra. Matilde Álvarez Rodríguez, Sr. José Manuel regueiro Grela).*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300064D3800H4J3W8J3B7P0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/10/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 10:18:30

DOCUMENTO: 20190412984
Fecha: 16/10/2019
Hora: 10:17

***SEGUNDO*.- *Unha vez dilixenciado, r**emitir o expediente completo á consellería competente en materia de urbanismo**, para que sobre a súa aprobación definitiva no prazo dun (1) mes, contado desde a recepción do expediente completo no rexistro da consellaría.*

***TERCEIRO:-**Facultar ao Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo."*

## 5.- PROPOSICIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG, PRESENTADA POR D. XOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ COBAS SOBRE "CONSTRUCCIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL PÚBLICA DE RIBEIRA".

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha proposición do GM do BNG presentada por D. Xosé Antonio Vázquez Cobas con data 10 de setembro de 2019, rex de entrada nº 12647, ditaminada pola Comisión Informativa de **EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E DEPORTES,** de data 24 de setembro de 2019 e que é do seguinte tenor literal:

*"**XOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ COBAS**, D.I 34920803H, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)** no Concello de Ribeira, presenta a seguinte proposición ante o Pleno da Corporación Municipal e dirixida ao alcalde, en relación **construción da Biblioteca Municipal Pública de Ribeira.***

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*A biblioteca municipal é un servizo público de existencia obrigatoria especificada na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. O Concello de Ribeira non conta cunhas instalacións axeitadas pois o espazo actual comparte espazo de lectura, aula para o estudo, sala de informática e espazo para celebración de actividades. A falta de espazo para acoller diversas salas nas que dividir as súas actividades provoca serias molestias ás persoas que empregan este servizo público, ademais a súa localización enriba dun local con actividade musical tamén provoca ruído que molesta ás persoas usuarias.*

*A veciñanza de Ribeira precisa unhas mellores e máis modernas instalacións, así o demandou en diversas ocasións a mocidade con accións puntuais nas que reivindicaban o dereito a dispoñer dunha sala de estudo cun horario prolongado e cuns servizos axeitados. A resposta do Partido Popular foi desloxar ao estudantado alí concentrado. Desde o BNG cremos que hai que apostar pola cultura e polo fomento da lectura e iso implica unha necesaria mellora da infraestrutura que hoxe temos.*

*En palabras textuais do escritor e editor galego Francisco Castro: "Un pobo cun alto nivel cultural (e que existan ou non bibliotecas ten moito que ver con iso) é un pobo que xa non só é máis culto (iso é obvio), senón que ademais é máis solidario, responsable politicamente, crítico e, en definitiva, vive mellor."*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300064D3800H4J3W8J3B7P0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/10/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 10:18:30

DOCUMENTO: 20190412984
Fecha: 16/10/2019
Hora: 10:17

*No ano 2010 o BNG ribeirense, nunha proposición ante a Corporación Municipal expoñía que a biblioteca do concello é unha institución que ten como finalidade facilitarlle á cidadanía o exercicio do dereito á cultura e á información, polo tanto, debe ofrecer posibilidades para a dinamización, potenciación e democratización da cultura. Neste sentido, son múltiples as actividades que tería que desenvolver para que funcionara como un verdadeiro centro de cultura que fomente, non só a lectura e a escritura, senón outro tipo de actividades dos diferentes eidos da cultura.*

*A calidade de vida da da nosa cidade e da súa poboación non debe medirse tan só polo acceso a determinadas infraestructuras, que son necesarias, nin só polo nivel de renda senón tamén pola posibilidade e proximidade no acceso aos espazos culturais.*

*Desde o grupo municipal do BNG cremos que a contrución dun novo espazo propio para acoller a biblioteca; pois a actual tanto por situación, accesibilidade, espazo, non é a que Ribeira precisa, sería un foco de dinamización da vida social e cultural da cidade e sería tamén de grande utilidade para a veciñanza ao contribuír notablemente ao benestar das nosas veciñas e veciños.*

*Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte*

*ACORDO*

1. *Construír unha Biblioteca Pública Municipal, dotada de todos os servizos necesarios: sala de lectura, sala de estudo, servizo de préstamo, ludoteca, sala dixital, sala de actos, etc.”*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómete a votación ordinaria a ***proposición do grupo municipal do BNG goberno*** ***ditaminada pola COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E DEPORTES*** de data 24 de setembro de 2019, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 20 (9PP, 6 PBBI, 2PS DE G-PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)**

**-VOTOS EN CONTRA:0**

**-ABSTENCIÓNS:0**



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300064D3800H4J3W8J3B7P0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/10/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 10:18:30

DOCUMENTO: 20190412984
Fecha: 16/10/2019
Hora: 10:17

Polo que o Pleno da Corporación acorda ***por unanimidade*** dos vinte membros presentes dos vinteún que de dereito o integran aprobala proposicíon do GM do BNG transcrita, ditaminada pola COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E DEPORTES de data 24 de setembro de 2019, relativa a **"CONSTRUCCIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL PÚBLICA DE RIBEIRA",**quedando convertido en acordo en todos os seus termos, e, en consecuencia aproba:

*"Construír unha Biblioteca Pública Municipal, dotada de todos os servizos necesarios: sala de lectura, sala de estudo, servizo de préstamo, ludoteca, sala dixital, sala de actos, etc."*

## 6.-PROPOSIÓN GRUPO MUNICIPAL MIXTO-SUMA RIBEIRA, PRESENTADA POR D. XURXO FERRÓN VIDÁN SOBRE "PROXECTO DEPURADORA DE MARISCOS NO PORTO DE CASTIÑEIRAS"

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha proposición presentada por D. Xurxo Ferrón Vidán, concelleiro voceiro do grupo municipal mixto-Suma Ribeira con data 14 de setembro de 2019 (rex de entrada nº 12904), ditaminada pola Comisión Informativa de Urbanismo Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 24 de setembro de 2019, e que é do seguinte tenor literal:

*"Xurxo Ferrón Vidán, concelleiro de Suma Ribeira presenta a seguinte Proposición para ser aprobada no vindeiro Pleno Municipal*

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*En Suma Ribeira estamos abraiados, preocupados e contrariados co tema do **Proxecto de Depuradora de Mariscos no Porto de Castiñeiras.***

*Aínda que semella que non soe gustar a quen ten a democrática responsabilidade de desenvolver tarefas de goberno, entendemos, primeiramente, que tampouco neste tema as Administracións implicadas actuaron co mínimo de TRANSPARENCIA esixible para unha obra destas características.*

*No ano 2015 sae a exposición pública a concesión dunha depuradora de mariscos e tanques de subministro de combustible para o Porto de Castiñeiras, en terreos, ao parecer, de competencia*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300064D3800H4J3W8J3B7P0 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/10/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 10:18:30
DOCUMENTO: 20190412984
Fecha: 16/10/2019
Hora: 10:17

*exclusiva de Portos. Xa nese mesmo ano se formulou unha pregunta ao Alcalde para interesarse polo tema sen que teñamos coñecemento da repercusión da pregunta nin da resposta dada.*

*Ao parecer, o Concello de Ribeira non presentou daquela ningún tipo de alegacións a tan delicada e intrusa actuación, menosprezando ou avaliando como inexistentes as potenciais molestias e prexuízos que poderían acompañar a unha Depuradora de Mexillón (mariscos) no "porto urbano" de Castiñeiras, ao lado da zona verde e recreativa do Castro e da antiga fábrica de salazón, ao pe dunha pequena praia de marea e a 20 metros (si, 20 metros) da tranquila "Praia Urbana" de Castiñeiras, moi frecuentada esta polas veciñas da zona, d Concello e por poboación turística.*

*Parece ser que o Concello ten poucas competencias nos terreos onde se pretende asentar a Depuradora, pero tamén semella que o Equipo de Goberno Municipal non se preocupou polo posible impacto urbanístico, paisaxístico e medioambiental da intrusa obra, nin tampouco polo impacto que podería xerar na veciñanza de Castiñeiras. Precisamente, as carencias en competencias deberían impulsar ao Equipo de Goberno Municipal a actuar dende o comezo con decisión para impedir con accións políticas eficaces chegar á lamentable situación actual.*

*Sorprende que en tempos en que ao parecer se quere facer un esforzo para que as actuacións urbanísticas no noso Concello sexan coordenadas por especialistas (véxase o exemplo da Fundación RIA), o Concello non se preocupe pola racionalidade e conveniencia de permitir docilmente que no ano 2019 se perpetúe esa invasiva construción. Lembrouse o Concello de solicitar e ter en conta no seu debido momento a opinión dos Asesores Especialistas neste presunto desaguisado ?*

*Pensamos en Suma Ribeira que o Equipo de Goberno Municipal quere presentarnos ás veciñas como inocua ou incluso beneficiosa esta intrusa e invasiva obra, que, canta máis información dela conseguimos co noso esforzo persoal máis rexeitamos.*

*En Suma Ribeira pensamos que a gran maioría das veciñas de Castiñeiras e Ribeira minimamente informadas sobre o Proxecto de Depuradora están en contra desa instalación no Porto de Castiñeiras. É unha mágoa, habitual e reiterada mágoa, que o noso Concello non informe á súa veciñanza, de maneira accesible para a maioría, deste e outros proxectos que, ben poidan ter unha repercusión urbanística, paisaxística, medioambiental,... importante, ou ben sexan susceptibles de provocar un rexeitamento popular.*

*Quéresenos colar pola porta de atrás unha Depuradora de Mariscos co principal, e tantas veces simplista e populista argumento de que vai xerar postos de traballo. A veciñanza de Castiñeiras ten moitas preguntas e valoracións que facer sobre a Depuradora. A modo de exemplo compartimos e transmitimos as seguintes:*

- *Hai seguridade contrastada de que non vai producir ningún tipo de alteración medioambiental tanto no mar como en terra?*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300064D3800H4J3W8J3B7P0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/10/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 10:18:30

DOCUMENTO: 20190412984
Fecha: 16/10/2019
Hora: 10:17

- *Implicará a implantación da Depuradora algún tipo de limitación ou incomodidade para os usuarios do porto con respecto á actualidade? Agora o Porto de Castiñeiras ademais de axudar ao desenvolvemento de actividades profesionais, tamén é lugar de actividades non profesionais e supón un agradable lugar de encontro entre a veciñanza? Exercerá Portos as súas competencias para impoñer restricións e outorgar prioridades á Depuradora?*
- *Poderá ser causante de desagradables cheiros continuados a mexillón (fresco e en descomposición) no entorno ?*
- *Está cuantificado o tránsito de camións que pode xerar?*
- *Producirá un desmesurado e desagradable incremento de aves no entorno?*
- *Hai risco de que prolifere a poboación de animais roedores?*
- *Poderá afectar a tranquilidade, sosego e benestar envexable das persoas que desfrutan da praia e da zona verde e recreativa do Castro?*
- *Nestes tempos que se nos fala de "Humanización Urbana", encaixa esta actuación no que pensa o Equipo de Goberno que debe ser a desexable Humanización para parroquias como a de Castiñeiras ?*
- *De existir a necesidade dunha Depuradora de Mariscos na comarca, non debería facerse un esforzo por buscar un emprazamento razoable?*

***ACORDO***

- *Que este Pleno inste ao Alcalde a que actúe en exercicio das competencias municipais negociando coas administracións competentes, e, nomeadamente con Portos de Galicia, para que se paralicen definitivamente as mencionadas obras no Porto de Castiñeiras, buscando, se obxectivamente fose necesidade no sector do mexillón, un emprazamento axeitado para unha Depuradora de Mariscos, que tivese necesariamente en conta estudios técnicos completos accesibles e as opinións de todas a persoas, agrupacións profesionais e colectivos interesados.*
- *Que o Concello, no exercicio das súas competencias, obrigue á empresa responsable da ilegal actuación, na medida do materialmente posible, a restituír a demolición e recheo feita sen licenza municipal preceptiva á situación natural orixinal.*
- *Que se traballe dende o Concello, en coordinación coas administracións competentes cara a consecución dunha normativa que evite lagoas no deseño dun Plan Urbanístico Xeral para todo o Concello, na procura de evitar que haxa partes sensibles da nosa xeografía que impidan, como ao perecer aconteceu ata agora neste caso, que a Corporación Municipal teña unha importante participación nun Deseño Integral e Sustentable do noso Concello."*

Igualmente dase conta dunha ***emenda presentada polo GM do PP*** do seguinte tenor literal:

*"Dª. María Sampedro Fernández, voceira do Grupo Municipal Popular de Riveira, con DNI 53484719-J, presenta a seguinte emenda con motivo do pleno ordinario da Corporación Municipal do día 30 de setembro de 2019.*

***Punto 6.-*** *Proposición do Grupo Municipal Mixto – Suma Ribeira, presentada por Xurxo Ferrón Vidán, sobre "Proxecto Depuradora de Mariscos no Porto de Castiñeiras".*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300064D3800H4J3W8J3B7P0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/10/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 10:18:30

DOCUMENTO: 20190412984
Fecha: 16/10/2019
Hora: 10:17

*Emenda de substitución:*

*Que os servizos técnicos e xurídicos do Concello, no ámbito das súas competencias, extremen cantas medidas e precaucións dispoña a normativa legal sobre as condicións ambientais, urbanísticas e de seguridade que deben reunir a autorización do proxecto de depuradora de mariscos no porto de Castiñeiras."*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame e da emenda ó mesmo, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, **non sendo aceptada a emenda** ***(9 votos a favor do PP, 11 votos en contra dos GM de SR, PBBI, Ps de G-psoe e BNG)*** sómetese a votación ordinaria a ***proposición do grupo municipal Mixto-Suma Ribeira ditaminada pola, Comisión Informativa de Urbanismo Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente*** de data 24 de setembro de 2019, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 11** **(1 MIXTO-SUMA RIBEIRA, 6 PBBI, 2 PS DE G-PSOE, 2 BNG)**

**-VOTOS EN CONTRA:0**

**-ABSTENCIÓNS:9 PP**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***maioría absoluta*** dos seus membros aprobala proposición transcrita do GM Mixto-Suma Ribeira, ditaminada pola COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUCTURAS, BENESTAR SOCIAL E MEDIO AMBIENTE de data 24 de setembro de 2019, e relativa a **"PROXECTO DEPURADORA DE MARISCOS NO PORTO DE CASTIÑEIRAS",**quedando convertido en acordo en todos os seus termos, e, en consecuencia aproba:

***"Primeiro:-****Que este Pleno inste ao Alcalde a que actúe en exercicio das competencias municipais negociando coas administracións competentes, e, nomeadamente con Portos de Galicia, para que se paralicen definitivamente as mencionadas obras no Porto de Castiñeiras, buscando, se obxectivamente fose necesidade no sector do mexillón, un emprazamento axeitado para unha Depuradora de Mariscos, que tivese necesariamente en conta estudios técnicos completos accesibles e as opinións de todas a persoas, agrupacións profesionais e colectivos interesados.*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300064D3800H4J3W8J3B7P0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/10/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 10:18:30

DOCUMENTO: 20190412984
Fecha: 16/10/2019
Hora: 10:17

***Segundo:-***Que o Concello, no exercicio das súas competencias, obrigue á empresa responsable da ilegal actuación, na medida do materialmente posible, a restituír a demolición e recheo feita sen licenza municipal preceptiva á situación natural orixinal.*

***Terceiro:-***Que se traballe dende o Concello, en coordinación coas administracións competentes cara a consecución dunha normativa que evite lagoas no deseño dun Plan Urbanístico Xeral para todo o Concello, na procura de evitar que haxa partes sensibles da nosa xeografía que impidan, como ao perecer aconteceu ata agora neste caso, que a Corporación Municipal teña unha importante participación nun Deseño Integral e Sustentable do noso Concello."*

## 7.-PROPOSICIÓN GRUPO MUNICIPAL PS DE G-PSOE, PRESENTADA POR DNA. RITA RIAL FERNÁNDEZ SOBRE "SANEAMENTO NO LUGAR DE CANABEIRO. OLEIROS"

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha proposición presentada por Dna. Rita Rial Fernández, concelleira do grupo municipal Ps de G-Psoe con data 17 de setembro de 2019 (rex de entrada nº 13074), ditaminada pola Comisión Informativa de Urbanismo Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 24 de setembro de 2019, e que é do seguinte tenor literal:

*"Rita Rial Fernández, con DNI: 47353654N, Concelleira do Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, presenta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira, ao amparo do disposto no artigo 116.1.c) do Regulamento Orgánico Municipal, a seguinte PROPOSICIÓN,*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Sabido é o compromiso desta corporación municipal, para dotar aos seus veciños dos servizos básicos municipais.*

*O lugar do Canabeiro en Oleiros, é unha desas zonas habitadas que hoxe en día carecen dunha rede de saneamento que poda recoller as augas negras xeradas.*

*Son seis vivendas no entorno sinalado, que non disfrutan do pertinente desaúgue de augas fecais.*

*A rede de saneamento a realizar neste treito, e debido a orografía do paraxe funcionaría por gravidade, xa que a pendente pode estar nuns 20 metros de desnivel, o que facilitaría a execución da obra ea circulación das augas residuais, ata o entronque coa rede de saneamento urbán.*

*En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG- PSOE, insta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira á adopción do seguinte,*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300064D3800H4J3W8J3B7P0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/10/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 10:18:30

DOCUMENTO: 20190412984
Fecha: 16/10/2019
Hora: 10:17

*ACORDO:*

*1.- Que por parte dos servizos técnicos municipais oportunos se proceda a elaborar un proxecto de instalación dunha rede de saneamento que abrangue, nunha lonxitude de 300 metros lineais, o Camiño Veciñal 9021 desde o enlace coa AC-302 ata as Pistas Deportivas do Canabeiro."*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómete a votación ordinaria a ***proposición do grupo municipal Ps de G-Psoe ditaminada pola, Comisión Informativa de Urbanismo Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente*** de data 24 de setembro de 2019, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 20** **(9PP, 6 PBBI, 2PS DE G-PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)**

**-VOTOS EN CONTRA:0**

**-ABSTENCIÓNS:0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda ***por unanimidade*** dos vinte membros presentes dos vinteún que de dereito o integran aprobala proposición do GM do Ps de G-Psoe transcrita, ditaminada pola COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUCTURAS, BENESTAR SOCIAL E MEDIO AMBIENTE de data 24 de setembro de 2019, e relativa**"SANEAMENTO NO LUGAR DE CANABEIRO. OLEIROS",**quedando convertido en acordo en todos os seus termos, e, en consecuencia aproba:

*"Que por parte dos servizos técnicos municipais oportunos se proceda a elaborar un proxecto de instalación dunha rede de saneamento que abrangue, nunha lonxitude de 300 metros lineais, o Camiño Veciñal 9021 desde o enlace coa AC-302 ata as Pistas Deportivas do Canabeiro."*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300064D3800H4J3W8J3B7P0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/10/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 10:18:30

DOCUMENTO: 20190412984
Fecha: 16/10/2019
Hora: 10:17

**8.-PROPOSICIÓN GRUPO MUNICIPAL PBBI, PRESENTADA POR D. VICENTE MARIÑO DE BRICIO, SOBRE "ELABORACIÓN DUN ESTUDIO SOBRE AS NECESIDADES DAS PERSOAS MAIORES QUE VIVEN SÓLAS".**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha proposición do GM do PBBI presentada por D. Vicente Mariño de Bricio con data 18 de setembro de 2019, rex de entrada nº 13113, ditaminada pola Comisión Informativa de **SERVIZOS SOCIAIS, PROMOCIÓN SOCIAL, SANIDADE E CONSUMO,** de data 24 de setembro de 2019 e que é do seguinte tenor literal:

*"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

